

03 de outubro

FOLGA XERAL

EN CATALUNYA!



**BRUTAL REPRESIÓN POLICIAL EN CATALUNYA
E RESISTENCIA EXEMPLAR DA MOCIDADE E O POBO**

**ACCÍONS DE SOLIDARIEDADE
NO RESTO DO ESTADO**

**ABAIXO O GOBERNO DO PP,
FÓRA AS FORZAS REPRESIVAS!**



Brutal represión policial en Catalunya e resistencia exemplar da mocidade e o pobo

**O 3 de outubro:
Folga xeral en Catalunya!
Accións de solidariedade
no resto do estado**

Abaixo o Goberno do PP!

Fóra as forzas represivas!

O 1 de outubro millóns de cidadáns, mozas e mozos, familias e anciáns resistiron a brutal represión de milleiros de policías e gardas civís, enviados a Catalunya polo PP para evitar que o pobo puidese votar. As imaxes de policías antidisturbios abríndose paso a marteladas nos colexios, roubando as urnas coma se fosen trofeos, golpeando coas porras a persoas maiores e indefensas, trasladánnos aos tempos da ditadura franquista ou a de réximes coma o de Pinochet ou Erdogan. Desde o Sindicato de Estudantes facemos un chamamento a tódolos mozos e mozas a saír ás rúas en Catalunya para resistir esta ofensiva franquista e demostrar que somos millóns os que non aceptamos que se ataquen os nosos dereitos democráticos. Tamén facemos un chamamento á xuventude do resto do Estado para mostrar a súa solidariedade co conxunto do pobo catalán. Se tocan a un, tócanos a todos!

Esta actuación salvaxe mostra o carácter franquista do Estado español, un aparello do Estado que non foi depurado tras a ditadura e que segue dominado polos fillos e netos dos represores. A actuación do Goberno do PP en Catalunya é a propia dunha auténtica forza de ocupación enfrontada ao conxunto da poboación. Pero en resposta a esta violencia, centos de milleiros de persoas decidiron resistir pacificamente e garantir que se poida levar á práctica a votación. Centos de colexios foron ocupados durante toda a fin de semana, e a maioría deles puideron abrir e evitar a intervención policial grazas aos milleiros de persoas que os defenderon. Si se votou! Un auténtico exemplo da

forza da mobilización nas rúas, o único camiño para acabar coa represión e co Goberno do PP.

3-Ou: Accións de apoio en Galiza

Desde o Sindicat d'Estudiants chaman a responder a esta brutal ofensiva convocando á folga xeral estudantil en tódolos institutos e universidades de Catalunya o vindeiro martes 3 de outubro. Ese día tódolos sindicatos de traballadores, CGT, a IAC, CCOO, UGT, así como a ANC e Omnium Cultural, e organizacións como CUP, ERC, Podem e Esquerda Revolucionaria, convocaron unha xornada de folga xeral para responder á represión do Estado e á suspensión dos dereitos democráticos de millóns de cataláns.

E no resto do estado, chamamos á mocidade estudantil a organizar accións de apoio á mocidade e ao pobo de Catalunya o 3 de outubro, con paros, asembleas e concentracións, onde mostremos a nosa repulsa á represión policial e o apoio aos dereitos democráticos de Catalunya fronte á ofensiva franquista do goberno do PP. Así o entenderon xa decenas de milleiros de persoas en cidades como Madrid, Bilbo, Vigo, Compostela, Valencia ou Sevilla, saíndo o 1 de outubro á rúa en apoio ao pobo de Catalunya.

Nesta loita só podemos confiar nas nosas forzas, as forzas dos millóns de mozos e traballadores que, como fai 6 anos cando xurdiu o 15-M, conseguiron resistir a represión do Estado e impedir o desaloxo das prazas mediante a mobilización pacífica e masiva. O éxito da folga do 3 de outubro será un paso moi importante para continuar a mobilización e estendela ata tombar ao Goberno reaccionario e franquista do PP, lograr a saída das forzas represivas que actuaron salvaxemente o 1-Ou, e conquistar o dereito lexítimo á autodeterminación do pobo de Catalunya. O futuro conquistase nas rúas!

**Asembleas, concentracións
e paros o 3 de outubro!**

**Rajoy dimisión!
Fóra as forzas represivas
de Catalunya!**



Sindicato De Estudantes Galiza /



@se_compostela / Coruña: 634 406 330

Vigo: 630 431 613 • Compostela: 981 563 100 (est 12867) - 622 481 994 • Ferrol: 640 255 027